

## ACORDO DA COMISIÓN CENTRAL DE SEGUIMENTO DO PACTO DE SELECCIÓN DE PERSOAL ESTATUTARIO TEMPORAL DO SISTEMA PÚBLICO DE SAÚDE DE GALICIA

O vixente Pacto sobre selección de persoal estatutario temporal do Sistema público de saúde de Galicia (DOG do 30 de xuño de 2016) recolle expresamente a compatibilidade das listas de aspirantes das categorías de médico/a de familia de atención primaria, médico/a de urxencias hospitalarias, médico/a asistencial do 061 e médico/a coordinador/a do 061. E o Pacto que especificamente detalla a selección do persoal temporal licenciado sanitario de atención hospitalaria (DOG do 18 de decembro de 2018) dispón que todas as listas de persoal licenciado sanitario serán compatibles entre si. E tamén que serán subsidiarias entre si, para os efectos de formalizar nomeamentos e ante a indispoñibilidade transitoria de aspirantes nunha delas, as listas de pediatra de atención primaria e facultativo/a especialista de área na especialidade de pediatría e as súas áreas específicas.

En particular, a compatibilidade de chamamentos e vinculacións temporais entre médico/a de familia e médico/a de urxencias hospitalarias, médico/a asistencial do 061, médico/a coordinador/a do 061, médico/a de hospitalización a domicilio e médico/a de admisión e documentación clínica, está a propiciar dificultades na xestión e na propia cobertura asistencial das necesidades do nivel asistencial de atención primaria, dada a situación de indispoñibilidade de profesionais especialistas en medicina de familia no conxunto do Sistema Nacional de Saúde, que se ve agravada durante o período estival, polas substitucións a realizar e o incremento da poboación a asistir en determinadas localidades.

Partindo das premisas expostas, a valoración da necesidade ou urxencia de incorporar persoal das distintas categorías debe realizarse atendendo fundamentalmente a un principio de prioridade, co obxectivo último de que as incorporacións se realicen no nivel

asistencial e centro no que resulten máis necesarias para a asistencia sanitaria; neste suposto, no nivel de atención primaria e isto sen prexuízo de que se poidan tomar en consideración as preferencias manifestadas polas persoas aspirantes no marco dos anteditos pactos.

A esa finalidade -posibilitar a incorporación do persoal das referidas categorías alí onde resulte prioritario- debe dar resposta a regulación actual do procedemento de selección temporal.

O Pacto citado, na súa norma I.6.1 atribúe á Comisión Central de Seguimento a competencia, entre outras, de acordar as medidas de excepcionalidade que se consideren oportunas na aplicación desta regulación, ante situacións puntuais de indispoñibilidade de aspirantes.

Con base no que antecede, dada a situación de indispoñibilidade de aspirantes nas listas de selección temporal da categoría de médico/a de familia de atención primaria e resultando prioritaria a cobertura das necesidades deste ámbito asistencial, a Comisión Central de Seguimento do Pacto, en sesión celebrada o 30 de xuño de 2022, en exercicio das facultades atribuídas na norma I.6.1 da Resolución do 13 de xuño de 2016, pola que se dispón a publicación do pacto sobre selección de persoal estatutario temporal do Sistema público de saúde de Galicia, adopta a seguinte medida de excepcionalidade:

*"No período comprendido entre o 1 de xullo e o 30 de setembro de 2022, suspenderanse os chamamentos dos/das profesionais que estean a prestar servizos con vínculo estatutario fixo ou temporal na categoría de médico/a de familia, para a formalización de nomeamentos temporais de categoría profesional distinta, que lle correspondesen en aplicación das normas xerais do Pacto".*